

F NIETZSCHE TEXTO 1

PRESENTACIÓN DO TEXTO: A *Gaya ciencia* é unha das obras capitais do filósofo escrita en 1882. Con ela péchase o período «negativo» (de crítica e destrución da metafísica e dos valores cristiáns) e ábrese o período afirmativo (de construción de novos valores que culminará coa aparición do superhome), no que se destaca a súa obra máis radical: *Así falou Zaratustra*

PRESENTACIÓN: incluír por quen está influído aínda que sexa só nomear

TEMA DO TEXTO: O eterno retorno

DESARROLLO TEXTO:

1) Concepto de tempo e vida

- Nietzsche expresa un novo concepto de tempo estrano á cultura occidental (moito máis común en oriente). Afastándose do tempo lineal e teleolóxico exposto e presentado polos filósofos racionalistas e abalado polo cristianismo, Nietzsche presenta un tempo circular que ven de tempos arcaicos. Citar aos ESTOICOS que xa entenderon así o tempo: historia, conflagración, lume, reinicio.

- O tempo de Nietzsche é un tempo eterno e idéntico sen ningunha finalidade e onde o único que importa é a vida. Por que recupera ese concepto do tempo arcaico:

- Porque é a máxima expresión da vida; neste tempo só importa o que sucede que é a vida

- A vida é fluxo, fugacidade, cambio, o que é imposible de parar e de controlar. A vida é nacemento-expansión-desaparición, nada máis

- A permanencia non existe. É un invento da cultura occidental aterrorizada ante o fluxo imparable da vida. Occidente inventa a razón, o concepto, a ciencia para neutralizar a vida; para deter o fluxo.

- Este tempo:

- . non son novos ciclos con novas posibilidades
- . son exactamente o mesmo: ningunha variación, mesmo pensamento ...
- . todo está feito, determinado

2) Quen é o “demo” do que fala: é o dilema moral.

Cando fas a reflexión máis introspectiva da túa vida “... a máis solitaria ...” = sen valores previos.

3) O Eterno Retorno como IMPERATIVO MORAL? (110 a 14) porque a razón é un constructo

- Queres que isto pase unha e mil veces?

- “nova moral” non é externa, non ven da razón (Kant) é un constructo, non existe, o SH non é razón e instinto, impulso, vida

4) A aparición do superhome: os SH non debemos seguir as normas como seres atemorizados de vivir, debemos tomar as rendas das nosas vidas

CONCLUSIÓN:

As consecuencias das ideas de Nietzsche deixase notar na totalidade do pensamento e a cultura de finais do século XIX e do XX. A súa crítica radical aos valores e a metafísica tradicional, a defensa do individuo, o impulso vital, a creatividade, son aspectos tan transcendentos para o mundo contemporáneo que non se entendería sen el.

Por exemplo no ámbito da psicoloxía e da psicoterapia, utilízase a teoría do superhome e o concepto de vontade de poder, para traballar a motivación e o desenvolvemento cultural. Na historia apélase tamén ao concepto de superhome para interpretar e cuestionar os acontecementos e as súas interpretacións, e os obxectivos da humanidade. No ámbito da política e da sociedade, a crítica á cultura e os valores tradicionais, teñen sido utilizados por movementos antisistema ou radicais para defender a liberdade do individuo e cuestionar o poder e a autoridade.

O legado de Nietzsche é amplo e complexo e pódese interpretar de múltiples formas, as súas teorías teñen sido adaptadas e reinterpretadas por todos os movementos filosóficos do século XX e XXI.